



Colegio Santo Ángel
Calasancias Ourense

PLAN DE CONTINXENCIA

Data: Setembro 2021

Revisión: 4

CÓDIGO: 32008410

PLAN DE CONTINXENCIA PARA O CURSO 2021-2022

APROBADO POR:

DIRECCIÓN

Data: 14/09/2021



Contido

Obxectivo	3
I. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN GROMO	3
II. ACTUACIÓNS PARA O CASO DE PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.....	5
III. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL.	11



Obxectivo

Establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula.

I. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN GROMO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
2. Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con COVID-19 no colexio seguirase o protocolo de actuación do centro:
A persoa coordinadora do equipo Covid colocarlle unha máscara cirúrxica, levarao á sala de illamento, destinada ao efecto, ata a recollida por parte da familia. Esta dispón de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. Esta persoa contactará cos familiares ou titores legais do alumno/a e acompañará ao caso sospeitoso e sempre deberá levar o material de protección adecuado: máscara cirúrxica. De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou sexa menor de 6 anos e non use máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable.
Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, agardarán acompañados por algunha persoa do equipo Covid-19 do colexio na



Biblioteca da planta 1 (da ala privada) ou noutro lugar da zona privado coa ventilación adecuada.

O centro conta cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

3. A persoa do equipo Covid do colexio chamará ao centro de Saúde do Couto, centro de saúde de Atención Primaria de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.

No caso dun/ha traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e contactar co seu centro de saúde de referencia e seguirá as instrucións deste ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da aparición dun caso confirmado, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19, a petición dos servizos de saúde a través de EduCOVID, incluírá na aplicación informática a información prevista do afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao colexio.

5. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co/a seu/súa pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.

6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid-19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade.

7. Corresponde á autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia quen determine en

 <p>Colegio Santo Ángel Calasancias Ourense</p>	<p>PLAN DE CONTINXENCIA</p>	<p>Data: Setembro 2021</p> <p>Revisión: 4</p> <p>CÓDIGO: 32008410</p>
---	------------------------------------	--

cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena que se comunicará ao equipo COVID do colexio, quen lle corresponde a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. Correspóndelle á autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do colexio na súa totalidade.
9. A aparición dun contaxio sospeitoso no colexio, con posterior confirmación, é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.
10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

II. ACTUACIÓNS PARA O CASO DE PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.

As seguintes actuacións están descritas en base ao **Plan de ensino virtual** publicado pola Consellería de Educación e segundo a resolución do 10 de setembro de 2021. Este plan ten como obxectivo proporcionar aos alumnos/as a partires de 3º de EP un sistema regrado e estable de docencia virtual que ofrezca ao alumnado en corentena ou confinamento total ou parcial unhas rutinas similares ás do ensino presencial, garantindo:

- A interacción entre alumnado e profesorado.
- A realización de tarefas.



- A avaliación do progreso.

As principais medidas que aporta o plan son:

- Desenvolvemento dun horario similar ao do ensino presencial, o chamado “horario espello”, empregando ferramentas de comunicación e aulas virtuais.
- Instrucións a seguir no caso de peche ou confinamento.
- Distribución de medios informáticos en función das necesidades do alumnado.
- Posta en marcha de mecanismos de avaliación e control do alumnado.
- Formación e información para o ensino a distancia.

II.1 Actuacións

1. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado empregando as distintas ferramentas tecnolóxicas das que dispón o Centro:

- Plataforma dixital educativa Educamos.
- Ferramentas colaborativas de Google (Google Workspace Ford Education ...-a partires de quinto de EP e en toda a ESO)
- Correo corporativo do alumnado, dende 5º E. Primaria.
- Drive.
- Hangouts.
- Meet
- Teams
- Classroom(na ESO principalmente)
- E-DIXGAL, en 1º , 2º,3º e 4º de ESO.
- Web do Centro.
- Instalacións de cámaras nas aulas da ESO para que o alumnado, que se encontre confinado , poida seguir as clases presenciais.
- Instalacións de cámaras en salas de profesores para que os/as mestres de Primaria e Infantil poidan comunicarse, puntualmente, cos alumnos/as que por motivos de corentena se atopan nas casas.



O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

Durante o peche ou confinamento, o profesorado, poderá impartir docencia no centro educativo ou no seu domicilio no caso de dispoñer dos medios adecuados para realizar o servizo.

2. O profesorado e o alumnado do grupo deberán conectarse á hora que se establece no cadro horario ordinario cun mínimo de cinco minutos de descanso entre as diferentes sesións. O momento da conexión debe establecerse coa antelación suficiente para o aproveitamento do período lectivo.

3. As tarefas para o alumado asemellaranse o máximo posible ao sistema presencial, respectando o seu dereito ao lecer e ao descanso.

4. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para adoptar as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

5. O centro educativo, durante o período de suspensión da actividade presencial, axustará os procesos educativos ás instrucións das Autoridades Educativas competentes.

II.2 Medidas organizativas:

- Horario espello

Elaborarase un “horario espello” para a docencia a distancia, de obrigado cumprimento para alumnos/as e profesores/as e referencia para as familias, que deberá establecer un proceso formativo similar ao do ensino presencial, avanzando nas programacións das áreas, ámbitos, materias ou módulos. Este horario terá



como obxectivo continuar, no caso de peche da aula por decisión das autoridades sanitarias, co desenvolvemento dun ensino a distancia coa debida interacción entre os alumnos do grupo e o profesorado.

Este horario será elaborado pola dirección do centro en coordinación co equipo docente dos distintos grupos, e será semellante ao que se desenvolve en réxime de presencialidade, respectando a carga lectiva de cada área e garantindo un mínimo do 60% do tempo que se destinará á docencia virtual e o outro 40% a tarefas por parte do alumnado.

Os horarios deberán incorporarse ao Plan de Continxencia (Anexo I), comunicados ao profesorado e alumnado para o seu cumprimento, informados ás familias a través do titor do grupo de alumnos e publicados na páxina web do centro ou outro medio que garanta a súa difusión.

- Control da avaliación e a asistencia

O titor ou titora de cada alumno/a informará aos pais, nais ou titores legais do alumnado das normas que se establezan polo centro para esta modalidade de ensino-aprendizaxe así como do control de asistencia.

1.- Control da asistencia.

Farase diariamente por parte do profesor a través da plataforma Educamos. No caso de que non se conecte, o profesor/a deberá recollelo no apartado de incidencias da plataforma Educamos.

2.- Control da avaliación.

A dirección do centro, a través da xefatura de estudos, requirirá ao final de cada semana, unha relación daquelas actividades que realizou o profesorado co alumnado.

O orientador do centro, no horario establecido, velará polo cumprimento do Plan Xeral de Atención á Diversidade e coordinará a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais.

Na distribución horaria establecerase unha sesión de tutoría para o alumnado e outra para as familias .



- Formación e información

Para o desenvolvemento efectivo do proceso de ensino-aprendizaxe a distancia cómpre que o profesorado e alumnado conte coas competencias necesarias para o uso dos medios telemáticos que se vaian empregar, e poñer a disposición dos pais/nais ou representantes legais toda a información para que poidan apoiar ao alumnado no proceso.

Partindo desta premisa, dende a Institución e a dirección do centro, no curso 2020-21, organizáronse diferentes cursos para a formación do profesorado nas ferramentas tecnolóxicas empregadas no Colexio Santo Ángel e implementouse o Programa de alfabetización dixital descrito no Plan de acollida do centro e que continuaremos durante este curso escolar 2021-22.

- Distribución de medios informáticos.

O colexio conta cunha base de datos coas necesidades tecnolóxicas do alumnado. No momento do peche, o Equipo Directivo afrontará cos recursos dispoñibles no centro as necesidades TIC do alumnado .Unha vez cubertas as necesidades iniciais, a dirección trasladará á Inspección Educativa as necesidades priorizadas de equipos que queden sen cubrir.

II.3 Estratexias metodolóxicas

A situación provocada pola metodoloxía non presencial, fai que as actividades de aprendizaxe que se propoñen, aumenten a importancia das seguintes estratexias:

- Partir de coñecementos previos presentando a información de xeito que active a curiosidade e o interese do alumno/a polo contido.
- Empregar unha linguaxe familiar que facilite a comprensión.



- Facilitar o proceso de orientación antes, durante e despois a través dos medios de interacción dos que se dispón.
- Coordinación entre o profesorado á hora de propoñer as tarefas ao alumnado para non sobrecargalo.
- O profesorado levará un control sobre a entrega de tarefas nun documento compartido cos titores/as para facer un seguimento da actividade lectiva e o nivel de desconexión..

Outras consideracións:

- a) As diferentes reunións propias do Centro: claustros, comisións de coordinación pedagóxica, titorías... levaranse a cabo, preferentemente, a través de Meet ou Teams dadas as garantías de seguridade que nos proporciona.
- b) Manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia.
- c) Revisar o protocolo e facer as modificacións que se estimen oportunas.
- d) Coordinar co profesorado implicado as quendas de organización das fases.
- e) Suspensión dos servizos complementarios.
- f) Envío de información ás familias e mantemento dun canal de comunicación (mediante a plataforma Educamos/páxina Web) para a solución de dúbida

 <p>Colegio Santo Ángel Calasancias Ourense</p>	<p>PLAN DE CONTINXENCIA</p>	<p>Data: Setembro 2021</p> <p>Revisión: 4</p> <p>CÓDIGO: 32008410</p>
---	------------------------------------	--

que poidan xurdir.

III. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL.

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou colexio, realizarase unha planificación do retorno á actividade presencial. Esta farase seguindo as instrucións Sanitario Pedagóxicas segundo sexa o peche e a fase na que nos atopemos.

ANEXO I: HORARIO ESPELLO

Os horarios espello que regularán a actividade lectiva NON PRESENCIAL de 3º de Educación Primaria en adiante en caso de peche das aulas presenciais é o que rexe dende o mes de outubro a nivel presencial na Plataforma Educamos e garantindo un mínimo de cinco minutos de descanso entre cada unha das sesións.

Estes horarios poden modificarse se a docencia telemática así o require e sendo informadas as familias dos cambios a través da plataforma Educamos..

ANEXO II: ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO VULNERABLE

RESOLUCIÓN 10 de setembro de 2021 da Secretaría xeral de Educación e Formación profesional, pola que se ditan as instrucións para a atención educativa ao alumnado vulnerable ou ao alumnado con convivintes vulnerables durante o curso 2021/22 como consecuencia da pandemia da COVID-19.

Esta resolución ten por obxecto establecer o procedemento de actuación que se debe seguir na atención educativa aos alumnos e alumnas que non poidan asistir ao centro educativo por razóns xustificadas. Segundo esta resolución, o alumnado vulnerable recibirá

 <p>Colegio Santo Ángel Calasancias Ourense</p>	<p>PLAN DE CONTINXENCIA</p>	<p>Data: Setembro 2021</p> <p>Revisión: 4</p> <p>CÓDIGO: 32008410</p>
---	------------------------------------	--

atención educativa virtual segundo se establece no apartado 4 do artigo 62 da Orde do 8 de setembro de 2021.

A atención educativa regulada nesta resolución está destinada ao alumnado vulnerable e ao alumnado que por ter familiares convivintes vulnerables non acode ao centro educativo como consecuencia da COVID-19 e as comisións provinciais de seguimento (CPS) determinan como xustificada a súa ausencia.

Seguindo esta resolución, o centro adoptará medidas seguindo estas directrices:

- Para a prevención e o control do absentismo escolar, correspóndelle á dirección do centro valorar se as faltas de asistencia de un alumno/a ao centro se consideran xustificables (art.3.1).
- No caso de que non se consideren xustificadas o centro despois de reunirse cos titores legais do alumno/a, e no caso de non atopar unha solución ao absentismo, a dirección debe realizar a correspondente comunicación ao Servizo Territorial de Inspección Educativa e ao concello, no prazo de 30 días naturais desde o inicio do expediente, por medio do documento anexo X do Protocolo, con todos os documentos que conforman o expediente (art 3.2).
- Analizado o expediente polo Servizo Territorial de Inspección Educativa, emitirá informe á xefatura territorial propoñendo se debe ser devolto á dirección do centro, con indicación das actuacións que hai que desenvolver, ou se se debe trasladar o expediente á comisión provincial de seguimento (CPS) ante as posibles situacións de absentismo con orixe na COVID-19 para a súa valoración (art 3.3)
- A CPS, analizado o expediente, poderá determinar que non se xustifica a situación de absentismo e propondrá a elevación do expediente ao Ministerio Fiscal, a través da xefatura territorial de Educación, por apreciación dunha posible situación de vulnerabilidade para o menor (art. 3.4).
- No caso de que a CPS, unha vez analizada a documentación presentada, determine que a non asistencia ao centro do alumno ou da alumna está xustificada, propondrá a adopción das medidas necesarias para a adecuación da resposta educativa á súa situación. Procederáse de xeito similar no caso de que a dirección



do centro considere a non asistencia ao centro do alumno ou da alumna xustificada, en virtude do previsto no artigo 3.1. (art. 4.1)

- A atención educativa ao alumnado que non poida asistir ao centro realizaraa o profesorado de cada área, materia, ámbito ou módulo do centro educativo en que está matriculado e, no caso de imposibilidade apreciada pola dirección do centro, polo equipo docente ou departamento didáctico correspondente (art. 4.2).
- No caso de que esa atención educativa non poida realizarse desde o centro educativo, a dirección deberá comunicarllo ao Servizo Territorial de Inspección Educativa formalizando o informe xustificativo. (art. 4.3)
- O Servizo Territorial de Inspección Educativa, analizados os horarios do persoal do centro, emitirá o correspondente informe á xefatura territorial no cal se propondrá a atención educativa de este alumnado por parte do persoal do centro ou polo equipo provincial de atención virtual ao alumnado (AVA) (art. 4.4).
- No caso de proposta de atención polo equipo provincial AVA, a Xefatura Territorial emitirá unha resolución que concretará a asignación horaria en función da etapa educativa do alumno ou alumna e que nunca superará as 5 horas semanais. A resolución comunicarse ao equipo AVA provincial e ao centro docente, que dará traslado inmediato desta resolución á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumno. (art. 4.5)
- O alumnado que nestes momentos estea a recibir atención educativa domiciliaria, conforme o Protocolo de prevención, detección e atención educativa domiciliaria no ámbito educativo, terá a posibilidade de incorporarse a esta modalidade de atención virtual logo de solicitude da nai, do pai ou das persoas titoras legais ou gardadoras da alumna ou do alumno á dirección do centro educativo en que está matriculado, que realizará a súa tramitación á xefatura territorial (art. 4.6).
- O alumnado autorizado a recibir atención educativa virtual considerárase escolarizado para todos os efectos, polo que as ausencias ao seu centro docente durante ese período de tempo se entenderán todas xustificadas (art. 4.7).

 <p>Colegio Santo Ángel Calasancias Ourense</p>	<p>PLAN DE CONTINXENCIA</p>	<p>Data: Setembro 2021</p> <p>Revisión: 4</p> <p>CÓDIGO: 32008410</p>
---	------------------------------------	--

- No momento en que o alumno ou a alumna se incorpore ao ensino presencial no centro educativo, a dirección deberá comunicalo á xefatura territorial (art. 4.8).